



Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/188/2019	TES141173
1P6K31102X21616L02GX	

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesoureira municipal (TES141172) que transcrito literalmente di:
**“IIINFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA
ASUNTO.- MODIFICACIÓN DO CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2020 .**

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe:

Antecedentes

-Informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda do 16.12.2020 (ING141A8).

Normativa

-RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación

-Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-Demais normativa concordante.

Informe:

Primeiro.- O calendario fiscal do contribuínte do 2020 foi aprobado por resolución o 17.12.2019 sendo obxecto de publicación no BOP do 23.12.2019. Posteriormente, foi obxecto de tres modificacións que foron aprobadas ao longo deste exercizo 2020.

Segundo.- Dáse traslado a esta Tesourería do informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda no que se expoñen as dificultades técnicas para someter ao cobro os padróns das taxas pola ocupación privativa do dominio público local con mesas, cadeiras e elementos análogos e taxas pola ocupación do dominio público local polo nos periodos que figuran definidos no calendario fiscal aprobado o 17.12.2019. Polas circunstancias ás que se fai referencia no citado informe, e que por razóns de economía non son novamente reproducidas, resulta necesario proceder á modificación do calendario fiscal deste exercizo trasladando, asemade, o periodo de cobro dos ditos padróns ao exercizo seguinte.

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de Facenda a adopción do seguinte acordo:

1º.- A aprobación da modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 de modo que as listas cobratorias correspondentes aos padróns fiscais do ano 2020 das taxas pola ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras e elementos análogos e padrón das taxas pola ocupación do dominio público local polo feirón non se someterán ao cobro ata o exercizo 2021 incluíndose no calendario fiscal do dito exercizo.

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

3º.- A modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.”



Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:
1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*